

Lingua e violencia: mediacións literarias na era do Antropoceno

Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo
en colaboración coa
Universidade de Santiago de Compostela

16 e 17 de xaneiro de 2020

CHAMADA DE COMUNICACIÓNS

O congreso internacional «Lingua e violencia: mediacións literarias na era do Antropoceno» quere explorar o xeito no que a violencia parece impregnar o discurso literario contemporáneo. A destrución do medio ambiente, a crueldade animal, a brutalidade social e de xénero, entre outras, son algunhas das manifestacións máis escuras da violencia humana. Este congreso busca identificar os códigos discursivos que perpetúan a violencia a través de nocións como as de subalternidade, opresión, poder hexemónico e loita de clases.

A urxencia de analizar como a lingua actúa para construír o mundo motiva este encontro, en que se considerará a maneira na que sentimos e pensamos sobre nós mesmos e sobre outros seres, sexan humanos ou non-humanos. Dicotomías como, por exemplo, entre centro *vs.* periferia, poder *vs.* resistencia, global *vs.* local, poden atoparse entre os temas que autoras e autores contemporáneos exploran nas súas ficcións culturais do Antropoceno –un termo que marca un punto de inflexión dado o increíble impacto do ser humano no ecosistema–. As diferentes manifestacións relacionadas coa violencia no discurso literario amosan os cambios sociais das últimas décadas e axudan a reconsiderar as ligazóns existentes entre a literatura e os asuntos públicos.

Interésannos propostas que dean testemuño de como o discurso arredor da violencia se manifesta a través das máis diversas prácticas literarias. Convidámosvos a enviar propostas para o congreso «Lingua e violencia: mediacións literarias na era do Antropoceno», que exploren as cuestións aquí presentadas para relatorios de vinte minutos. Xunto cun resumo de non máis de 250 palabras, incluírase un título, o nome, a institución e un enderezo electrónico. As propostas enviaranse a malonsoalonso@uvigo.es antes do 15 de setembro de 2019. As linguas do congreso serán o inglés, galego, castelán e portugués. Notificarase o resultado a finais do mes de setembro. Entre outras liñas de investigación, súxírense as seguintes:

- Estudos sobre animalidade
- Ecocrítica
- Exclusión social
- Estudos de xénero
- Identidades diaspóricas
- Literatura sobre persoas refuxiadas
- Novela negra
- A lingua e o mundo
- Globalización
- Humanidades medioambientais

Máis información sobre o congreso en:
www.linguaeviolencia.wixsite.com/conference